


Martes, 05 Maio 2015 10:12

Actividades do escritor Luiz Ruffato en Galicia

Publicado por [Redacción](#)

[tamaño de fonte](#)

[Engadir comentario](#)



Cando a Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega (AELG) anunciou hai un mes as obras finalistas dos seus premios anuais, coñeceu tamén que o galardón Escritor Galego Universal recaeu no escritor brasileiro Luiz Ruffato. Este recoñecemento distingue a autores que combinan a excelencia literaria co compromiso ético que os converte en referencia na defensa da dignidade humana. En edicións anteriores premiouse a Mahmud Darwix, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatowska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro, Lúcia Jorge e Bernardo Atxaga.

Luiz Ruffato recollerá o premio o vindeiro 9 de maio en Lugo, pero aproveitando a súa estadía en Galicia, desenvolverá un programa de actividades promovidas pola AELG, co apoio da área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, a Consellería de Cultura e o Concello de Lugo, coa colaboración do Círculo de las Artes.

7 de maio:

Luiz Ruffato estará na Coruña pola mañá:

- 11.30 h. Encontro cos medios de comunicación na Librería Linda Rama (Rúa Porta de Aires, 4).
- 12.30 h. Encontro/palestra na Universidade, Facultade de Filoloxía: "Uma literatura na periferia do mundo".

E ese mesmo día, pola tarde, en Santiago:

- 19.00 h. "Encontros no Paraninfo com Luiz Ruffato" (acompañan Carlos Quiroga e Carmen Villarino Pardo).

9 Maio. Lugo

- 17.30 h. Mesa-redonda organizada pela AELG, "Conversa co brasileiro Luiz Ruffato, Escritor Galego Universal" (Refectorio Museo Provincial).
- 20.00 h., Entrega do premio Escritor Galego Universal durante a Gala das Letras (Círculo das Artes).